

**Acordo polo que se aproba o procedemento e os modelos de adhesión das entidades locais á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia**

ANEXO I

PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN

Primeiro.- As entidades locais interesadas en adherirse á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia deberán presentar unha solicitude ao efecto onde necesariamente deberá constar:

- A vontade da entidade local de adherirse á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia con indicación da data estimada a partir da cal se pretende que sexa efectiva a adhesión.

- A vontade da entidade local de adherirse ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia lle fai á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, para xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

- Equipamento solicitado, con indicación do volume de terminais e de se a súa adquisición se fará pola Xunta de Galicia ou directamente pola entidade local.

- Colectivos que operarán a rede e uso que se pretende dar.

Segundo.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia avaliará as solicitudes presentadas e a súa adecuación aos obxectivos aos que vai dirixida a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia e fixará a data a partir da que será efectiva a adhesión solicitada en función da existencia de terminais ou posibilidade da súa adquisición e ás dispoñibilidades orzamentarias existentes así como o importe derivado das tarifas e que figurará no documento de adhesión, previa cumprimentación por parte da entidade local solicitante do documento de adhesión correspondente e que figura como anexo II ou III ao presente acordo.

No caso de que a solicitude presentada non cumpra cos requisitos anteriores, o uso pretendido non se adecúe aos obxectivos aos que vai dirixida a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia ou non exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente, a solicitude de adhesión será rexeitada mediante resolución conxunta da AXEGA e a Amtega.

Terceiro.- Con carácter previo á efectividade da adhesión, a entidade solicitante deberá achegar cumprimentado á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia un dos instrumentos de adhesión que figuran como anexos II e III do presente acordo, segundo pretendan a adquisición dos terminais directamente pola entidade local ou pola Xunta de Galicia, respectivamente.

Cuarto.- Se en calquera momento posterior á adhesión da entidade local á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, esta precisase dunha ampliación do equipamento solicitado, deberá presentar unha nova solicitude ao efecto dirixida á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia que será tramitada segundo o procedemento establecido nos puntos anteriores.